

UNHA HISTORIA INMORTAL

Orson Welles, 1968

1194

ESTREA EN NUMAX: 07.11.2023 | V.O.S.E. | 58 min

No Macao do século XIX, un rico comerciante está obsesionado cunha antiga lenda que corre de boca en boca entre os mariñeiros. A dun home rico que pagou a un mariñeiro pobre 5 guineas para ter un neno coa súa nova esposa.

«Tan abrumador, desgarrador e fermoso que é difícil analizar mesmo as capas narrativas máis visibles»

Chuck Bowen, SLANT



Divas e dandies

Por Jonathan Rosenbaum

Aparte de William Shakespeare, ningún escritor excitou máis a imaxinación de Orson Welles que Isak Dinesen, o pseudónimo de Karen Blixen, unha baronesa dinamarquesa que escribía principalmente en inglés. Aínda que ela naceu trinta anos antes ca el, compartían a capacidade de situarse fóra das súas propias épocas. Ambos eran aristócratas cosmopolitas do século XX con anhelos nostálgicos polo século XIX a quen lles encantaba criticar o mesmo romanticismo no que se envolvían. Ambos eran maxistrais narradores, cun gusto desenvolvido polo paradoxo, a ironía e o artificio. Ambos foron tamén pulidores incansables da súa propia arte, cuxa aparente simplicidade e franqueza ocultan unha chea de sutís matices. Isto é especialmente certo se nos referimos á arquitectura d'*Unha historia inmortal*.

Welles mesmo fixo unha peregrinación a Dinamarca para coñecer a Dinesen, pero despois dunha noite de insomnio en Copenhague, abandonou a idea e volveu para casa: "Estivera namorado de Isak Dinesen desde que abrín o seu primeiro libro". Aínda que *Unha historia inmortal* (incluída na última colección de contos de Dinesen *Anécdotas do destino*) foi o único dos seus contos que rematou en película, Welles tentou levar á pantalla cando menos media ducia dos seus relatos. O seu plan orixinal para *Unha historia inmortal* era poñer en escena unha antoloxía de historias de Dinesen xa fora en forma de serie para televisión ou de filmes por sketches.

Mesmo sendo un director do que se esperaba que fixese o inesperado, *Unha historia inmortal* foi para moitos desconcertante cando se estreou en cinemas en 1968, tanto pola súa aparente simplicidade e austeridade como polo feito de que era a primeira película en cor de Welles e ademais estaba financiada pola televisión francesa. Aínda que Welles cambiou o lugar da historia de Cantón a Macao e comprimiu ou recolocou algúns dos seus detalles narrativos, en xeral respecta o orixinal con rigorosa fidelidade, mesmo nas súas inquietantes e monótonas repeticións de certas frases faladas. Tamén é idéntica a historia que se conta dentro do relato sobre un mariñeiro, así como o seu ritmo meditativo, case cerimonial, que suxire por momentos un transo hipnótico.

Un comerciante rico e desapiadado de setenta anos chamado Clay (Welles) teima en recrear unha historia lendaria e fantasiosa que escoitou unha vez de boca dun mariñeiro, recrutando ao seu contable, Elishama Levinsky (Roger Coggio), para que unha cortesá local, Virginie (Jeanne Moreau), desempeñase o seu papel. Ela resulta ser a filla dun comerciante que Clay levou ao suicidio anos antes e cuxa antiga casa ocupa agora. O mariñeiro da historia, un adolescente danés chamado Paul (Norman Eshley), é elixido ao azar e convocado na rúa por Levinsky e Clay. As diversas formas en que o plan de Clay triunfa e fracasa ao longo desa noite constitúen a cerna da historia

(...) Foi grazas á televisión francesa, e en concreto a un programa sobre Erik Satie que Welles viu no proceso de montaxe, que o cineasta decidiu empregar varias das célebres partituras do compositor no filme. Esta escolla, que axiña se convertería en clixé polo seu frecuente uso por parte doutros cineastas era bastante nova en 1968, tal e como ten sinalado Alex Ross no *New Yorker*.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La mirada de Orson Welles,
Mark Cousins.
a contracorrientefilms [DVD]

Vengadoras angelicales,
Isak Dinesen.
DEBOLSILLO, 2016

Ciudadano Kane,
Orson Welles.
Vértice [BD]